



RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PRORROGA PARA O EXERCICIO DE 2020 A RESOLUCIÓN REITORAL DO 31/05/2018, POLA QUE SE ESTABLECE O IMPORTE EXCEPTUADO DA FISCALIZACIÓN LIMITADA PREVIA NOS EXPEDIENTES DE GASTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E SE DETERMINAN OS EXPEDIENTES DE GASTO AFECTADOS E A TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA DE EXPEDIENTES DE GASTO.

ANTECEDENTES

Con data do 31/05/2018 publicouse a Resolución reitoral (en adiante RR.) pola se establece o importe exceptuado de fiscalización limitada previa nos expedientes de gasto da Universidade da Coruña. No seu apartado 4.º establécese a vixencia desta resolución ata o peche do exercicio económico de 2018, agás prórroga expresa antes desa data.

Para o exercicio de 2019 a RR. de 31/05/2018, prorrogouse por RR. de 17/12/2018. No apartado 3.º da RR. de 17/12/2018 establécese que, no ámbito da súa competencia, a Xerencia e a Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade (en adiante VEIS) poderán ditar as instrucións que correspondan para o desenvolvemento e a execución da RR. de 17/12/2018. En uso desta previsión e ao abeiro das súas competencias, con data do 15/03/2019 publicouse a Instrución conxunta da Xerencia e VEIS.

Neste momento cómpre prorrogar a RR. de exención de fiscalización limitada previa para o exercicio de 2020. Asemade, recóllense nesta RR. as previsións normativas da Instrución de 15/03/2019, da Xerencia e VEIS.

En vista do que antecede, e ao abeiro do establecido no artigo 34 dos Estatutos da Universidade da Coruña, **RESOLVO:**

Primeiro. Prórroga da RR. de 31/05/2018:

Prorrógase para o exercicio de 2020 a RR. de 31/05/2018 pola que se establece o importe exceptuado de fiscalización limitada previa nos expedientes de gasto da Universidade da Coruña.

Os expedientes de gasto exentos de intervención previa someteranse ao plan de control posterior.



Segundo. Control interno.

1- Exención de fiscalización limitada previa:

a) O límite mínimo para o exercicio da fiscalización limitada previa do gasto é de 10 000 € (máis IVE) e quedan excluídos da fiscalización limitada previa os expedientes de gasto por unha contía inferior.

Quedan exceptuados do recollido no parágrafo anterior os compromisos de gasto correspondentes a gastos que efectivamente se realizaron no exercicio 2019, pero cuxa factura ou xustificante de gasto non se reciba nas datas establecidas na Instrución anual de peche e non se poida realiza o documento “ADO” ou “O” no exercicio 2019.

b) O límite do importe para formalizar expedientes individualizados de gasto por “anticipos de caixa fixa” (en adiante ACF) establécese en 3 000 € (IVA incluído).

O importe límite exceptuado de intervención previa para as contas xustificativas de reposición queda establecido en 3 000€ (IVA incluído).

Terceiro. Formalización contable

Os gastos referidos no apartado segundo formalizaranse contablemente na fase que corresponda (“RC”, “A”, “D”, “AD”, “O”, “ADO”) e as súas correspondentes fases negativas. O expediente acompañarase do soporte documental que xustifique o gasto e a súa imputación contable.

Cuarto. Contabilización dos expedientes de gasto exceptuados de fiscalización limitada previa.

Conforme o establecido no artigo 95 do Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG núm. 214, 05/11/1999; en adiante TRLRFOG), a Xerencia procederá á toma de razón en contabilidade, validando no sistema contable UXXI-EC, os expedientes de gastos non sometidos a fiscalización limitada previa, efectuándose as actuacións e comprobatorias posteriores, de acordo co plan de control posterior previsto no apartado 6.º desta RR. Esta toma de razón en contabilidade efectuarase na Vicexerencia de Asuntos Económicos e Análise de Custos.

Quinto. Estarán sometidos a fiscalización limitada previa os seguintes expedientes:

a) *Modificacións orzamentarias:*

Os expedientes de modificación orzamentaria, agás os documentos de redistribución de crédito (documentos: 095 e 091) e os documentos de carga anual do orzamento (CPI,



CPG). Os documentos de redistribución de crédito e de carga anual do orzamento contabilizaranse automaticamente en UXXI-EC, mediante o proceso informático habilitado para estes efectos.

b) Expedientes de gasto:

- De carácter plurianual.
- De tramitación anticipada (son expedientes anticipados de gasto, os que inician a súa tramitación no exercicio anterior ao inicio da súa vixencia. A súa execución pode realizarse nunha ou varias anualidades pero debe comezar no exercicio ao que se imputa a primeira anualidade do gasto. E, a súa tramitación efectúarase de acordo coa Instrución de tramitación anticipada de expedientes de gasto e coa normativa en materia económica e de contratación administrativa ou laboral).

No caso de expedientes anticipados de gasto contabilizados pola Xerencia (en razón da súa urxencia ou por outros motivos que consten no expediente), os documentos contables xerados no exercicio corrente do expediente de tramitación anticipada remitiranse ao Servizo de Intervención para a súa fiscalización.

- Os expedientes de gasto que efectivamente se realizaron durante o exercicio corrente, pero cuxa factura ou xustificante de gasto non se recibiu nas datas establecidas na Instrución anual de peche e non se formalizou o documento “ADO” ou “O” no exercicio vixente. O mesmo tratamento aplicarase aos gastos que se formalicen mediante ACF.

c) As convocatorias de subvencións pola UDC en réxime de concorrència competitiva ou de concesión directa adecuaranse ao establecido na normativa de aplicación en materia de subvencións e, a tramitación dos expedientes de gasto adecuarase á fase que corresponda na tramitación de cada expediente (aprobación do gasto “A”, compromiso de gasto “D”, recoñecemento da obriga “O”).

Sexto. Plan de control posterior.

Os expedientes de gasto exentos de fiscalización limitada previa serán obxecto do plan anual de control posterior conforme co establecido na RR. 07/12/2018.

A revisión dos expedientes de gasto sometidos ao plan de control posterior exercerase sobre unha mostra representativa dos expedientes de gasto tramitados, co fin de verificar que se axustan as disposicións aplicables en cada caso e determinar o grado de cumprimento da normativa de aplicación en cada caso.



Por RR. poderá establecerse que o plan de control posterior, se contrate anualmente, previa proposta da Xerencia ao reitor para a súa aprobación, se procede, e adecuarase aos principios de legalidade, economía e eficiencia.

O informe que se emita sinalará as irregularidades e/ou deficiencias na xestión e propondrá recomendacións para a mellora dos procedementos revisados.

O informe remitirase aos responsables económicos dos centros, aos/ás responsables das partidas examinadas e á vicerreitoría con competencias en economía.

No caso de expedientes financiados con fondos alleos, os informes enviaranse tamén ao Servizo de Investigación e á Vicerreitoría con competencias en investigación, que tomará as medidas que considere oportunas cara á mellora na execución do financiamento alleo. De se detectaren incumprimentos que poidan implicar reintegros futuros, establecerase un plan de actuación para os seguintes exercicios, de conformidade coa Xerencia e á vicerreitoría con competencias en economía, para mellorar a xestión do gasto e evitar situacións homólogas.

Como resultado dos informes de control, poderá solicitarse aos/ás responsables económicos/as e aos/ás responsables dos gastos un informe en relación coas tramitacións realizadas.

Sétimo- Expedientes de gasto que se sometan a autorización da Comisión de Asuntos Económicos (en adiante CAE).

Os expedientes de gasto que non se tramiten conforme a normativa, deberán enviarse á CAE, que tomará decisión sobre cada un dos expedientes.

Á CAE deberá enviarse o expediente de gasto completo. Asemade, unirase un escrito do/a responsable da partida indicando a infracción padecida e o motivo do incumprimento.

A CAE tomará unha decisión en relación a validación do/s expediente/s.

O/s expediente/s de gasto validado/s pola CAE remitiranse ao Servizo de Intervención conforme coa tramitación electrónica establecida para estes expedientes. O Servizo de Intervención validará no sistema contable en UXXI-EC.

A CAE validará, exclusivamente, a omisión padecida. O resto dos trámites do expediente de gasto, adecuaranse ao establecido na normativa que lles sexa de aplicación. Cando se trate de expedientes exentos de intervención previa, tramitaranse por este procedemento, e, no caso de que deban ser obxecto de fiscalización remitiranse ao Servizo de Intervención que exercerá a fiscalización.

Nestes casos haberá que acreditar a validación pola CAE. Sen este acordo non poderá continuarse coa tramitación do expediente de gasto.



Oitavo. Formalización dos expedientes de gasto.

A normativa en materia electrónica e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, regula a utilización de medios electrónicos polas Administracións Públicas na tramitación dos procedementos administrativos. O dereito das persoas interesadas a relacionarse por medios electrónicos convértese pois nunha obriga para as persoas xurídicas.

En razón ao cumprimento da normativa en materia electrónica o soporte documental dos expedientes de gasto que se tramiten electronicamente deberá formalizarse cun soporte documental electrónico (é dicir, os documentos que formen parte do expediente tamén deberán ser electrónicos). A tramitación de expedientes mixtos, constituídos en parte por documentación en papel e en parte por documentación electrónica non é válida nos expedientes electrónicos.

No ano 2020, unha vez que estea operativo o “repositorio documental electrónico” (en adiante RDOC) e a súa integración co portafirmas, a tramitación económica dos expedientes de gasto adecuarase aos procedementos que se establezan como consecuencia da implantación do RDOC.

Noveno. Disposicións da Xerencia e da vicerreitoría con competencias en economía.

No ámbito da súa competencia, a Xerencia e a vicerreitoría con competencias en economía ditarán as instrucións que correspondan para o desenvolvemento e a execución desta RR. e para a adecuación dos trámites económicos a implantación do RDOC.

Décimo. Disposición derogatoria.

Derrógase a Instrución da Xerencia e VEIS con data de 15/03/2019.

Disposición final

Esta resolución publicarase no Taboleiro da Sede Electrónica da UDC e terá efectos dende o día da súa publicación.

Asinado dixitalmente.